

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 11 DE MAIO DE 2018

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1741/2016.- JAVIER OTERO ESPÍÑEIRA.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar no lugar de Nemenzo de Abaixo nº 1

LIC/481/2018.- JOSÉ JAIME MOSQUERA SOUTO.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para reforma e ampliación dunha vivenda unifamiliar na rúa do Churruchao nº 23.

LIC/1556/2017.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RÚA ESTRADA, 24.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a instalación dun ascensor en edificio de vivendas sito na rúa da Estrada nº 24.

APROBACIÓN DE INSTRUCCIÓN INTERPRETATIVA DOS ALOXAMENTOS DE USO TURÍSTICO.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar no lugar de Nemenzo de Abaixo nº 1. LIC/1741/2016. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para reforma e ampliación dunha vivenda unifamiliar na rúa do Churruchao nº 23. LIC/481/2018. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a instalación dun ascensor en edificio de vivendas sito na rúa da Estrada nº 24. LIC/1556/2017. Apróbase a proposta.

5.- Aprobación de instrucción interpretativa dos aloxamentos de uso turístico. Apróbase a instrucción interpretativa na que se establecen os criterios obxectivos e xerais que deberán seguir os empregados públicos encargados da súa aplicación promovendo a unidade de criterio e excluindo calquera dúbida interpretativa acerca do encaixe urbanístico das categorías de apartamento turístico, vivenda turística e vivenda de uso turístico; a ordenación urbanística do uso, ou os requisitos técnicos esixibles para a súa implantación.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa a deixar deserta a licitación do subministro e instalación de cubertas portantes para as áreas de xogo infantís de Fontiñas e Castiñeiriño. Orzamentos participativos 2017 COMPOSTELA DECIDE. Acórdase deixar deserta a licitación.

7.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á aprobación do proxecto de expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario nº 2018-CREXT-02. Apróbase a proposta.

8.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana. Apróbase a proposta.

9.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á adxudicación do contrato baseado no acordo marco para a prestación do servizo de mediación de riscos e seguros pola central de contratación da FEMP. Acórdase adxudicar o contrato a Willis Iberia Correduría de Seguros y Reaseguros.

10.- Recoñecemento extraxudicial de créditos. Apróbase a proposta.

11.- Recoñecemento de obrigas. Apróbase a proposta.

12.- Aprobación do proxecto de proposta de rectificación de erro aritmético no anexo de investimentos plurianuais incorporada ao orzamento municipal para o exercicio 2018. Apróbase a proposta.

13.- Aprobación do proxecto de proposta de cambio de axente financiador-préstamo asignado a varios proxectos de gasto. Apróbase a proposta.

14.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a asociación cultural O GALO. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 2.000 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á prórroga do contrato con XADE para a xestión do parque deportivo de Sar e o complexo deportivo municipal de Santa Isabel. Acórdase prorrogar o actual contrato coa Sociedade Mixta XADE ata 19 de maio de 2019, facendo coincidir a finalización desta prórroga coa acordada por unanimidade e de forma expresa no consello de administración do Consorcio da Cidade de Santiago respecto das instalacións deportivas de Sar.

16.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación inicial do proxecto de regulamento de títulos, honras e condecoracións do Concello de Santiago de Compostela. Apróbase a proposta.

17.- Dar conta pola alcaldía da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a USC para instalar o conxunto pétreo "O xardín das pedras que falan" no xardín botánico de Fonseca. Dase conta.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación das Bases da convocatoria de subvención a festas patronais do Concello de Santiago en 2018. Apróbanse as bases da convocatoria, á que se destinará un total de 24.000 euros.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial para dar conta da resolución de concesión de axuda pola Xunta de Galicia para a obra de ampliación e mellora da plataforma de rodadura do viario de acceso a Lamasca. Dáse conta da resolución de AGADER, dependente da Consellería de Medio Rural, que acorda a concesión dunha axuda de 66.979 euros para o proxecto de Ampliación e mellora da plataforma de rodaxe do viario de acceso a Lamasca, que ten un orzamento total de 156.922,26 euros.

3.-Proposta de alcaldía relativa á aprobación da solicitude á Deputación Provincial da Coruña dunha subvención nominativa para o cofinanciamento do patrocinio vencellado á celebración da Fase Final da Supercopa ACB en Santiago. Apróbase a solicitude dunha subvención nominativa por importe de 121.000 euros.